



Don Xosé Leal Fariña, con D.N.I. 53111731Q, como secretario accidental do Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro da Ría de Pontevedra, inscrita no Rexistro de Asociacións de Pontevedra da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, correspondéndolle rexistralmente o nº de expediente 2009/0013009-1 (PO).

**CERTIFICA:**

1º Que na reunión da Xunta Directiva celebrada na data do 15 de outubro de 2021, con quorum dabondo e, en segunda convocatoria, adoptáronse os seguintes acordos relativos ao punto terceiro da orde do día:

**PUNTO 3º: Exposición e proposta de aprobación de proxectos produtivos e non produtivos presentados á convocatoria de axudas da anualidade 2021 – 08.**

A xerente dá conta de que non se presentaron alegacións e expónse o seguinte:

**1. Proposta de proxectos produtivos.**

Expónse a situación dos proxectos presentados que aínda están pendentes de completar documentación (GALP 6 – 223, GALP 6 – 236 e GALP 6 – 233) e cales se consideran desestimados definitivamente segundo se reflicte nos Anexos I e II. Produciuse un axuste no orzamento do proxecto GALP 6 – 236 en función do orzamentos achegados polo promotor que se recolle no Anexo I.

**2. Proposta de proxectos non produtivos.**

Dase conta do seguinte:

GALP 6 – 230. A xerente expón que revisada a *ORDE do 10 de xuño de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convocan para o ano 2021, en réxime de concorrencia competitiva, axudas a proxectos colectivos financiados polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), que contribúan á protección e recuperación da biodiversidade mariña a través dunha mellor xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas, así como ao fomento da sensibilización ambiental (código de procedemento PE209C)* pola que se financia a vixilancia dos bancos marisqueiros que é a tarefa que realizan os vixilantes que se adscriben a este proxecto, inclúese nela unha limitación ao importe subvencionable máximo por vixilante que ascende a 1.414,77 €/mes que debe ser considerado como importe máximo subvencionable tamén neste caso. Isto supón unha redución do importe subvencionable e polo tanto da axuda que se propón segundo se inclúe no Anexo I.

GALP 6 – 224 e GALP 6 - 226. A xerente expón que detectados erros nas cantidades subvencionables e de axuda propostas destes expedientes, deben emendarse estas.



GALP 6 – 234. Unha vez completada a documentación do expediente, propónse a súa avaliación. Retírase a Alcaldesa de Marín e expónse perante a Xunta Directiva a avaliación do proxecto que acada 64 puntos. Inclúese no Anexo I.

A xerente expón as incidencias sinaladas polo Servizo de Desenvolvemento de Zonas de Pesca nun correo electrónico recibido esta mañá que pasan a debaterse. Acórdase a redacción dos informes necesarios por parte da xerencia para aclarar as dúbidas sobre elixibilidade que plantexan dende a Consellería do Mar.

3. Á vista do exposto, acórdase aprobar a proposta definitiva elaborada a partir dos acordos anteriores que inclúe:
  - a. a proposta de concesión de axudas aos proxectos que figuran no Anexo I, por orde descendente de puntuación dos proxectos.
  - b. A proposta de desestimación de axudas ás solicitudes que figuran no Anexo II, polos motivos expostos nela.

Ademais, faise constar que:

4. Acórdase elevar a presente proposta de resolución definitiva á Consellería do Mar acompañada dunha proposta individualizada coas condicións de selección de cada proxecto
5. Acórdase tamén publicar a presente proposta de resolución definitiva no taboleiro de anuncios do GALP e na páxina web <https://galp.xunta.gal/e> na do GALP sen incluír datos dos solicitantes, soamente o seu nome e código do proxecto, coa advertencia de que esta non crea ningún dereito a favor dos solicitantes propostos estando suxeita á dispoñibilidade orzamentaria de crédito para proxectos produtivos e non produtivos para esta convocatoria 2021 e aos axustes que se produzan no orzamento dispoñible nos diferentes eixes da EDLP do GALP Ría de Pontevedra e no seu conxunto, segundo establece a *Orde de Axudas do 3 de agosto de 2021*.
6. Neste sentido, a Xunta Directiva propón a aprobación de proxectos asignándolles as cantidades dispoñibles ata o límite de execución da EDLP e os seus obxectivos estratéxicos.

E para que conste expido esta certificación co Visto e prace da presidenta do GALP Ría de Pontevedra en Marín a 15 de outubro de 2021.

Vº Bº da presidenta,

Don Xosé Leal Fariña

Dona María del Carmen Vázquez Nores

